



B A N D O

PROTEXER ÁS PERSOAS, PREVIR E IMPEDIR NOVOS INCENDIOS TAN GRAVES, É RESPONSABILIDADE DE TODAS E TODOS.

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DAS NEVES

FAI SABER:

1. Que todas as persoas propietarias ou usufructuarias de terreos situados no termo municipal teñen a **obriga de xestionar a biomasa vexetal** nas súas propiedades antes do **30 de maio de 2018**, de acordo co establecido na *Lei 3/2007*, e na *Orde do 31 de xullo de 2007*, esta xestión **debe executarse obrigatoriamente** nas seguintes zonas:
 - En **faixas de 50 m arredor dos núcleos de poboación** e das instalacións ou edificacións illadas. E **en terreos situados dentro do núcleo de poboación**.
 - **En faixas de 2 m a ambos lados de camiños ou pistas.**
 - **En faixas de 5 m a ambos lados das liñas eléctricas.**
2. De acordo coa devandita lexislación, e coa Lei de montes, 43/2003, de 21 de novembro, o non cumprimento da obriga de xestión da biomasa vexetal por parte da persoas responsables constitúe unha infracción pola que lles poden imponer inicialmente **sancións económicas** de entre **100 e 1000 euros**, ou a **perda da propiedade**.
3. Que tras a vaga de lumes sufrida en outubro do pasado ano, e co fin de cumprir coas obrigas establecidas no artigo 16 da *Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia*, estase a elaborar no momento actual o **Plan de Prevención de Incendios Forestais Municipal** para este Concello que determinará con absoluta precisión todas as actuacións nesta materia.

Concello das Neves, á data que figura na marxe,
O Alcalde-Presidente
Asdo. Xosé Manuel Rodríguez Méndez